

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Convocatoria selección persoal _ Obradoiro dual de emprego "Paio Gómez Chariño" -
Nomeamento do órgano de selección e data de primeira sesión**

ANTECEDENTES

O día 28/09/2026, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 1060/2026, aprobei as bases que han de rexer o proceso selectivo para o nomeamento como persoal funcionario interino por programas das persoas que van formar o equipo directivo, docente e administrativo de apoio (1 director-a, 2 mestres-as de especialidade, 1 titor-a e 1 administrativo-a) e a contratación do alumnado traballador (20 persoas).

No mesmo día presentáronse as oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, na súa oficina de Boiro.

FUNDAMENTACIÓN

É necesario nomear o órgano de selección cualificador que se vai encargar deste proceso de selección.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Designar o órgano de selección cualificador do proceso:

Presidente: M^a José Fungueiriño Tubío, AEDL, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

Suplente: M^a Concepción Agrafojo Piñeiro, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

Secretaria: M^a Aurora Rodríguez Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

Suplente: Manuela Vicente Torres, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

1º vocal: Carlos Ces Ozores, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

Suplente: José Miguel Castelo Collazo, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

2º vocal: Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria municipal Concello de Rianxo

Suplente: David Cobas Medín, persoal funcionario da Xunta de Galicia

3º vocal: Enrique Manuel López González, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

Suplente: Ramón Villanustre Ordóñez, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

SEGUNDO.- Establecer a celebración da primeira sesión do órgano de selección encargado deste proceso para o obradoiro dual de emprego “PAIO GÓMEZ CHARIÑO” para o día 29/09/2026, ás 11:00 horas na Casa do Concello no departamento de Persoal e Emprego.

TERCEIRO.- Notificar aos membros do órgano de selección, titulares e suplentes, a presente resolución.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios, físico e electrónico, do Concello de Rianxo.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía, do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, dá fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).